

Recordatorio de deberes legais dirixido á Consellería do Medio Rural debido a falta de resolución dun expediente polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

Expediente: F.11.Q/1510/22

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2021

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. referente á falta de resolución da solicitude de comunicación de deslindes ó Catastro de Pontevedra polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, expón o seguinte:

“Inactividade do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra por faltar á súa obriga de resolver sobre a solicitude de data 7 de setembro do 2021 presentada por D. ... en representación da Comunidade de Montes de Tameiga, co número de entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia 2021/2105135. Na solicitude pedíase a comunicación por parte do Xurado ao Catastro do deslinde do monte vecinal "Común de Tameiga". Contando con 3 meses para resolver sobre a petición da Comunidade de Montes de Tameiga, o Xurado Provincial de Montes de Pontevedra non resolveu, transcorrendo máis de 6 meses dende a que a solicitude foi presentada sen ter reposta.”

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información á Consellería do Medio Rural que xa nola remitiu. No informe achegado pola Administración sinálase o seguinte:

Primeiro. O 07.09.2021 e núm. 2021/2105135 no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia, ...como presidente da comunidade de montes veciñais en man común (en adiante CMVMC) de Tameiga solicitou a remisión de dous deslindes administrativos dos anos 90 á Xerencia do Catastro de Pontevedra en virtude do artigo 55.3 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Segundo. A Administración Forestal tramitou os deslindes da CMVMC de Tameiga mediante o procedemento establecido na Lei de montes do 8 de xuño de 1957 (BOE núm.151, do 10 de xuño) e o Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de

montes (BOE núm.61, do 12 de marzo). Os deslindes administrativos foron aprobados en vía administrativa mediante a publicación das seguintes ordes:

ORDE do 10 de xuño de 1993 pola que se aproba o deslindamento parcial do monte común de Tameiga, pertencente en man común á comunidade da parroquia de Tameiga (concello de Mos), de distintas propiedades particulares. (DOG núm.121, do 28 de xuño)

ORDE do 29 de novembro de 1996 pola que se aproba o deslindamento parcial do monte común de Tameiga, pertencente á Comunidade de Tameiga do concello de Mos (Pontevedra). (DOG núm.16, do 24 de xaneiro de 1997)

A Administración Forestal seguiu de xeito minucioso o procedemento establecido na antedita lexislación e deu por rematado o expediente. A lei de montes do 8 de xuño de 1957 e o seu regulamento do 22 febreiro de 1962 non recolle a obriga da comunicación á Xerencia do Catastro.

Por todo o exposto INFORMO:

Que a Administración Forestal tramitou os deslindes administrativos da CMVMC de Tameiga conforme a normativa vixente nese momento.

Que a normativa á que fai referencia a **CMVMC** de Tameiga é posterior a aprobación administrativa dos deslindes (anos 1993 e 1996).

Que a CMVMC de Tameiga como interesada no asunto pode comunicar os deslindes á Xerencia do Catastro de Pontevedra.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre sinalar que, se ben esta informa de como se tramitou o expediente de deslinde consta que a solicitude formulada polo interesado sobre si se comunicaran eses deslindes ó Catastro de Pontevedra polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, non lle foi respostada pola administración.

Non obstante o anterior, convén recordar aquí a obrigatoriedade das administracións públicas de dar resposta as peticións e cuestións que lle plantexen os cidadáns, o que nos leva a facer as seguintes:

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Administración o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Contestar de forma expresa, como en dereito proceda, ó escrito de solicitude que presentou o interesado nese Consellería con data 7 de setembro de 2021 e que está sen responder notificando unha contestación expresa, con indicación dos motivos polos que se denega e os recursos que procedan si é o caso.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Se non se obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo